

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

1º ESO.

AVALIACIÓN INICIAL

En 1º de ESO existe un umbral -cero, quere isto dicir que todos os alumnos teñen xeralmente o mesmo nivel, salvo casos illados de pais francófonos ou contactos por emigración, e esta uniformidade faría que non fose necesaria a avaliación inicial, aínda así, facemos unha avaliación inicial oral con preguntas sobre o que coñecen da cultura francesa e se coñecen algunha palabra ou expresión.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación dos alumnos realizarase mediante o resultado das probas específicas de avaliación continua así como do traballo e interacción na aula.

Estas probas calcificaranse de acordo ao seguinte baremo:

- Exames escritos 40%. (20 % production écrite, 20 % compréhension écrite)
- Exames orais 40% (20% écoute, 20 % production orale)
- Traballo diario 20% (tarefas, traballo na aula, deberes).

AVALIACIÓN FINAL

Para esta valoración final procederase á aplicación dunha ponderación ecuánime nas tres avaliacións, polo que a cualificación final resultará da división da nota final das tres avaliacións entre 3. O departamento considera que han de ter o mesmo peso as tres avaliacións, dado que a adquisición da materia é progresivo e precisa dun traballo lineal e efectivo dende o principio.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN.

- a) Dado que os contidos son progresivos e re utilízanse dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.
- b) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxectivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

2º ESO.

AVALIACIÓN INICIAL

Dedicarase á avaliación inicial as catro primeiras sesións do curso.

Levaranse a cabo actividades -individuais e grupais- que permitan avaliar o grao de adquisición das cinco destrezas: comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación dos alumnos realizarase mediante o resultado das probas específicas de avaliación continua así como do traballo e interacción na aula.

Estas probas cualificaranse de acordo ao seguinte baremo:

- Exames escritos 40%. (20 % production écrite, 20 % compréhension écrite)
- Exames orais 40% (20% écoute, 20 % production orale)
- Traballo diario 20% (tarefas, traballo na aula, deberes).

AVALIACIÓN FINAL

Para esta valoración final procederase á aplicación dunha ponderación ecuánime nas tres avaliacións, polo que a cualificación final resultará da división da nota final das tres avaliacións entre 3. O departamento considera que han de ter o mesmo peso as tres avaliacións, dado que a adquisición da materia é progresivo e precisa dun traballo lineal e efectivo dende o principio.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN.

- a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.
- b) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxectivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

3º ESO.

AVALIACIÓN INICIAL

Dedicarase á avaliación inicial as tres primeiras sesións do curso.

Levaranse a cabo actividades -individuais e grupais- que permitan avaliar o grao de adquisición das cinco destrezas: comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Teranse en conta os criterios de avaliación que figuran no punto 3.3 esta programación, para cada unha das UD.

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, a avaliación é continua, progresiva e sumativa. O valor das cualificacións trimestrais supón un 40% para as probas de comprensión e expresión escritas, gramática e vocabulario; as probas de comprensión e expresión oral un 40% (sendo cada parte un 20% da nota) e un 20% o traballo diario (deberes, entrega de tarefas e traballo na aula).

b) Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos nas cinco destrezas. Teranse en conta os criterios de avaliación que procedan de entre os seguintes: 1.1, 1.2, 1.4, 1.5, 1.6, 1.7, 1.9, 1.10, 1.11, 2.1 e 2.2.

Entre as probas, proporanse probas escritas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación, probas de adquisición de léxico e conxugación, probas de pronuncia, etc.

Entre as tarefas, proporase a realización e exposición de traballos monográficos, nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da unidade didáctica na que se encaixen que serán previamente definidos.

c) As probas e tarefas valoraranse de 0 a 20 puntos, tendo unha ponderación diferente dentro da unidade didáctica segundo as súas particularidades. A ponderación será anunciada ao alumnado antes da súa realización e figurará na aula virtual.

d) Elaborarase unha táboa de indicadores que permita avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos seguindo os criterios de avaliación que se enumeran a continuación: 1.3, 1.8, 1.12, 1.13, 2.3, 2.4, 2.5, 2.6, 3.1, 3.2, 3.3 e 3.4.

Para encher esta táboa de indicadores recurrirase á observación directa na aula e á "trace écrite".

e) A cualificación da avaliación final obterase da suma das cualificacións trimestrais e a división entre os tres trimestres. O departamento acorda concederlle o mesmo peso a cada unha das

avaliacións, dado que se trata dunha adquisición progresiva e sumativa do coñecemento da lingua estranxeira. No caso do alumnado que non obteña unha cualificación positiva, farase unha proba de recuperación de toda a materia para posibilitar o aprobado da avaliación final.

f) A cualificación trimestral obterase da media aritmética das cualificacións obtidas nas dúas unidades didácticas traballadas en cada trimestre.

g) A cualificación de cada unidade didáctica obterase da suma das cualificacións ponderadas das probas e tarefas realizadas en cada unidade.

h) O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos):

- A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 5.

- Sempre que non se teñan 3 ou máis faltas de deberes acumuladas no trimestre.

- Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN.

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.

b) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxectivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.

c) Rematada a 3ª avaliación, o alumnado que non acadase o 5 sobre 10 no cálculo da cualificación da avaliación ordinaria, deberá realizar unha proba de toda a materia, ou de ser o caso, da destreza ou destrezas nas que non acadou o aprobado. As cualificacións das destrezas superadas conservaranse e non deberá avaliarse novamente delas.

RECUPERACIÓN DAS PENDENTES

a) O alumnado que promocionou coa materia pendente será convocado a unha primeira xuntanza pola Xefatura do Departamento ao longo das dúas primeiras semanas de curso. Recibirá información escrita do plan de reforzo que se levará a cabo. Elaborado polo profesorado que imparte a materia, este plan ten como referentes os obxectivos da materia e a adquisición das competencias. Nel figurará o procedemento de seguimento, recuperación e avaliación da materia. Esta información estará pendurada na aula virtual e na web do centro. As familias serán advertidas vía Abalar. De todo este procedemento, así como do seu contido, informarase igualmente ao profesorado titor deste alumnado.

b) O alumnado terá tres ocasións para superar a materia pendente:

- exames parciais: xaneiro (UD1-UD2-UD3) e abril (UD4-UD5-UD6)

- exame final: maio (da UD1 á UD6)

- convocatoria ordinaria: xuño (da UD1 á UD6)

As datas de realización das probas serán programadas pola Xefatura de Estudos e publicadas na web do centro.

c) Ao longo do curso, o alumnado poderá entregar dous (2) proxectos (xaneiro e abril), titorizados polo profesorado da materia (se a cursa no presente curso) ou pola xefatura do Departamento (se non a cursa actualmente). Os proxectos terán carácter voluntario. Serán puntuados. Propóranse proxectos que fomenten a adquisición das competencias claves e específicas, traballarán a transversalidade e, na medida do posible, a interdisciplinariedade.

d) O alumnado recibirá igualmente unha guía de traballo, con tarefas e unha temporalización recomendada, coa intención de facilitarlle a preparación das probas mencionadas.

e) O alumnado será convocado mensualmente polo seu profesorado ou pola Xefatura do Departamento (se non cursa a materia no presente curso). Nas xuntanzas o alumnado presentará o traballo que leva realizado para que o profesorado poida facer un seguimento e reorientalo se fose preciso.

f) O alumnado que se presente unicamente ás probas (parciais ou finais) optará deste xeito ao 100% da súa cualificación.

- Avaliación mediante exames parciais. A nota final será a media aritmética das dúas probas parciais. O alumnado, para superar a materia, deberá acadar o cinco (5) sobre dez.

Ao alumnado que acade o cinco nalgunha das dúas probas, mais non na media aritmética, conservaráselle esa parte e non terá que examinarse dela no exame final, aínda que ten dereito a facelo se así o desexa.

- Avaliación mediante un único exame final. O alumnado, para superar a materia, deberá acadar o cinco (5) sobre dez.

g) O alumnado que se presente ás probas (parciais ou finais) e ademais presente os dous proxectos será avaliado do seguinte xeito:

- Os proxectos contribuirán cun 20% ás notas parciais ou á nota final.

- As probas parciais e finais contribuirán cun 30% ás notas parciais ou á nota final.

A nota final será a media aritmética da suma das ponderacións das dúas probas parciais cos dous proxectos ou da suma das ponderacións da proba final e os dous proxectos. O alumnado, para superar a materia, deberá acadar o cinco (5) sobre dez. É dicir:

Nota final = [(nota parcial 1 · 30% + nota proxecto 1 · 20%) + (nota parcial 2 · 30% + nota proxecto 2 · 20%)] / 2 OU

Nota final = nota exame final · 30% + [(nota proxecto 1 + nota proxecto 2) / 2] · 20%

h) Nas xuntas de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e realizaranse os axustes necesarios.

i) Na avaliación ordinaria do curso en que estea escolarizado, o profesorado da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación. En caso de non estar a cursar a materia no presente curso, corresponderalle á Xefatura do Departamento.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

4º ESO.

AVALIACIÓN INICIAL

Dedicarase á avaliación inicial e revisión dos contidos de cursos anteriores as oito primeiras sesións do curso.

Levaranse a cabo actividades -individuais e grupais- que permitan avaliar o grao de adquisición das cinco destrezas: comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, a avaliación é continua e progresiva e sumativa.

O valor das cualificacións trimestrais supón un 50% para as probas de comprensión e expresión escritas, gramática e vocabulario; as probas de comprensión e expresión oral un 50% (sendo cada parte un 25% da nota)

b) Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos nas cinco destrezas. Entre as probas, proporanse probas escritas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, probas de adquisición de léxico e conxugación, probas de pronuncia, etc.

c) A cualificación da avaliación final será a nota obtida na 3ª avaliación. No caso do alumnado que non obteña unha cualificación positiva, farase unha proba de recuperación de toda a materia para posibilitar o aprobado da avaliación final.

h) O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN.

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.

b) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxectivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.

c) Rematada a 3ª avaliación, o alumnado que non acadase o 5 sobre 10 no cálculo da cualificación da avaliación ordinaria, deberá realizar unha proba de toda a materia, ou de ser o caso, da destreza ou destrezas nas que non acadou o aprobado. As cualificacións das destrezas superadas conservaranse e non deberá avaliarse novamente delas.

RECUPERACIÓN DAS PENDENTES

a) O alumnado que promocionou coa materia pendente será convocado a unha primeira xuntanza pola Xefatura do Departamento ao longo das dúas primeiras semanas de curso. Recibirá información escrita do plan de reforzo que se levará a cabo. Elaborado polo profesorado que imparte a materia, este plan ten como referentes os obxectivos da materia e a adquisición das competencias. Nel figurará o procedemento de seguimento, recuperación e avaliación da materia. Esta información estará pendurada na aula virtual e na web do centro. As familias serán advertidas vía Abalar. De todo este procedemento, así como do seu contido, informarase igualmente ao profesorado titor deste alumnado.

b) O alumnado terá tres ocasións para superar a materia pendente:

- exames parciais: xaneiro (UD1-UD2-UD3) e abril (UD4-UD5-UD6)

- exame final: maio (da UD1 á UD6)

- convocatoria ordinaria: xuño (da UD1 á UD6)

As datas de realización das probas serán programadas pola Xefatura de Estudos e publicadas na web do centro.

c) Ao longo do curso, o alumnado poderá entregar dous (2) proxectos (xaneiro e abril), titorizados polo profesorado da materia (se a cursa no presente curso) ou pola xefatura do Departamento (se non a cursa actualmente). Os proxectos terán carácter voluntario. Serán puntuados. Propóranse proxectos que fomenten a adquisición das competencias claves e específicas, traballarán a transversalidade e, na medida do posible, a interdisciplinabilidade.

d) O alumnado recibirá igualmente unha guía de traballo, con tarefas e unha temporalización recomendada, coa intención de facilitarlle a preparación das probas mencionadas no alinéa b).

e) O alumnado será convocado mensualmente polo seu profesorado ou pola Xefatura do Departamento (se non cursa a materia no presente curso). Nesas xuntanzas o alumnado presentará o traballo que leva realizado para que o profesorado poida facer un seguimento e reorientalo se fose preciso.

f) O alumnado que se presente unicamente ás probas (parciais ou finais) optará deste xeito ao 100% da súa cualificación.

- Avaliación mediante exames parciais. A nota final será a media aritmética das dúas probas parciais. O alumnado, para superar a materia, deberá acadar o cinco (5) sobre dez.

Ao alumnado que acade o cinco nalgunha das dúas probas, mais non na media aritmética, conservaráselle esa parte e non terá que examinarse dela no exame final, aínda que ten dereito a facelo se así o desexa.

- Avaliación mediante un único exame final. O alumnado, para superar a materia, deberá acadar o cinco (5) sobre dez.

g) O alumnado que se presente ás probas (parciais ou finais) e ademais presente os dous proxectos será avaliado do seguinte xeito:

- Os proxectos contribuirán cun 20% ás notas parciais (xaneiro - abril) ou á nota final (maio - xuño).

- As probas parciais e finais contribuirán cun 30% ás notas parciais ou á nota final.

A nota final será a media aritmética da suma das ponderacións das dúas probas parciais cos dous proxectos ou da suma das ponderacións da proba final e os dous proxectos. O alumnado, para superar a materia, deberá acadar o cinco (5) sobre dez. É dicir:

Nota final = [(nota parcial 1 · 30% + nota proxecto 1 · 20%) + (nota parcial 2 · 30% + nota proxecto 2 · 20%)] / 2 OU

Nota final = nota exame final · 30% + [(nota proxecto 1 + nota proxecto 2) / 2] · 20%

h) Nas xuntas de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e realizaranse os axustes necesarios.

i) Na avaliación ordinaria do curso en que estea escolarizado, o profesorado da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación. En caso de non estar a cursar a materia no presente curso, corresponderalle á Xefatura do Departamento.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

1º BAC.

AVALIACIÓN INICIAL

Dedicarase á avaliación inicial e revisión dos contidos de cursos anteriores as oito primeiras sesións do curso.

Levaranse a cabo actividades -individuais e grupais- que permitan avaliar o grao de adquisición das cinco destrezas: comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación será continua posto que se trata dunha lingua estranxeira, polo tanto a nota da terceira avaliación será a nota final.

Seguiremos o sistema de avaliación do exame Delf B1 e B2.

Exames escritos 50% (25% compréhension écrite, 25% expression écrite)

Exames orais 50% (25% compréhension oral, 25% expression oral)

Faranse tres exames, un por avaliación, de cada unha das destrezas indicadas anteriormente. É imprescindible aprobar as catro destrezas para aprobar a materia.

Este curso está orientado a consecución do diploma DELF B1, para o cal participaremos do programa DELF da Consellería de Educación en colaboración coa Alliance Française. Non será obrigatorio presentarse a este exame.

- O alumnado que se presente ao exame DELF, programa da Consellería, en abril, e cumpra os criterios seguintes terá a nota máxima:
 - participe nas aulas de reforzo nos recreos.
 - Realice todas as tarefas para casa encomendadas pola profesora en cada avaliación
 - teña unha avaliación positiva do seu traballo na aula, tests e probas recollidas incluídas (entendemos por avaliación positiva a metade da nota da proba, sen redondeos).
- O alumnado que decida non presentarse ao exame DELF, programa da Consellería, en abril, mais que participe nas aulas de reforzo, durante o primeiro e segundo trimestre, realice todas as tarefas para casa encomendadas pola profesora en cada avaliación, e teña unha avaliación positiva do seu traballo na aula (test e probas incluídas), terá a nota máxima na avaliación final de 1º BAC.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN.

Rematada a 3ª avaliación, o alumnado que non acadase o 50 sobre 100 no cálculo da cualificación da avaliación ordinaria, deberá realizar unha proba das catro destrezas, se non aprobou ningunha, ou unicamente daquelas destrezas que non aprobou. As cualificacións das destrezas superadas conservaranse e non deberá avaliarse novamente delas. A nota final será o resultado da suma das notas das destrezas aprobadas e a nota do exame, tendo cada destreza un valor de 25 puntos sobre 100.

Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxectivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.

RECUPERACIÓN DAS PENDENTES

a) O alumnado que promocionou coa materia pendente será convocado a unha primeira xuntanza pola Xefatura do Departamento ao longo das dúas primeiras semanas de curso. Recibirá información escrita do plan de reforzo que se levará a cabo. Elaborado polo profesorado que imparte a materia, este plan ten como referentes os obxectivos da materia e a adquisición das competencias. Nel figurará o procedemento de seguimento, recuperación e avaliación da materia.

b) O alumnado terá tres ocasións para superar a materia pendente:

- exame parcial: xaneiro e abril
- exame final: maio
- convocatoria ordinaria: xuño

As datas de realización das probas serán programadas pola Xefatura de Estudos e publicadas na web do centro.

c) Ao longo do curso, o alumnado poderá entregar dous (2) proxectos (xaneiro e abril), titorizados polo profesorado da materia (se a cursa no presente curso) ou pola xefatura do Departamento (se non a cursa actualmente). Os proxectos terán carácter voluntario. Serán puntuados. Propóranse proxectos que fomenten a adquisición das competencias claves e específicas, traballarán a transversalidade e, na medida do posible, a interdisciplinabilidade. Se aproba estes proxectos xa non precisará presentarse aos exames de avaliación.

d) O alumnado será convocado mensualmente polo seu profesorado ou pola Xefatura do Departamento (se non cursa a materia no presente curso). Nesas xuntanzas o alumnado presentará o traballo que leva realizado para que o profesorado poida facer un seguimento e reorientalo se fose preciso.

e) O alumnado que se presente unicamente ás probas (parciais ou finais) optará deste xeito ao 100% da súa cualificación.

- Avaliación mediante exames parciais. A nota final será a media aritmética das dúas probas parciais. O alumnado, para superar a materia, deberá acadar o cinco (4,5) sobre dez.

Ao alumnado que acade o cinco (4,5) nalgunha das dúas probas, mais non na media aritmética, conservaráselle esa parte e non terá que examinarse dela no exame final, aínda que ten dereito a facelo se así o desexa.

- Avaliación mediante un único exame final. O alumnado, para superar a materia, deberá acadar o cinco (4,5) sobre dez.

f) O alumnado de 2 bac con francés de 1º bac pendente será examinado pola profesora de 2º bac, e aprobará toda a materia pendente se aproba a primeira avaliación.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

2º BAC.

AVALIACIÓN INICIAL

Dedicarase á avaliación inicial e revisión dos contidos de cursos anteriores as oito primeiras sesións do curso.

Levaranse a cabo actividades -individuais e grupais- que permitan avaliar o grao de adquisición das cinco destrezas: comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación será continua posto que se trata dunha lingua estranxeira, polo tanto a nota da terceira avaliación será a nota final.

Seguiremos o sistema de avaliación do exame Delf B1 e B2.

Exames escritos 50% (25% compréhension écrite, 25% expression écrite)

Exames orais 50% (25% compréhension oral, 25% expression oral)

Faranse tres exames, un por avaliación, de cada unha das destrezas indicadas anteriormente. É imprescindible aprobar as catro destrezas para aprobar a materia.

Este curso está orientado a consecución do diploma DELF B1, para o cal participaremos do programa DELF da Consellería de Educación en colaboración coa Alliance Française. Non será obrigatorio presentarse a este exame.

- O alumnado que se presente ao exame DELF, programa da Consellería, en abril, e cumpra os criterios seguintes terá a nota máxima na avaliación final de 2º bac:
 - participe nas aulas de reforzo nos recreos.

- Realice todas as tarefas para casa encomendadas pola profesora en cada avaliación
 - teña unha avaliación positiva do seu traballo na aula, tests e probas recollidas incluídas (entendemos por avaliación positiva a metade da nota da proba, sen redondeos).
- O alumnado que decida non presentarse ao exame DELF, programa da Consellería, en abril, mais que participe nas aulas de reforzo, durante o primeiro e segundo trimestre, realice todas as tarefas para casa encomendadas pola profesora en cada avaliación, e teña unha avaliación positiva do seu traballo na aula (test e probas incluídas), terá a nota máxima na avaliación final de 2º BAC.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN.

Rematada a 3ª avaliación, o alumnado que non acadase o 50 sobre 100 no cálculo da cualificación da avaliación ordinaria, deberá realizar unha proba das catro destrezas, se non aprobou ningunha, ou unicamente daquelas destrezas que non aprobou. As cualificacións das destrezas superadas conservaranse e non deberá avaliarse novamente delas. A nota final será o resultado da suma das notas das destrezas aprobadas e a nota do exame, tendo cada destreza un valor de 25 puntos sobre 100.

Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxectivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.

RECUPERACIÓN DAS PENDENTES

a) O alumnado que promocionou coa materia pendente será convocado a unha primeira xuntanza pola Xefatura do Departamento ao longo das dúas primeiras semanas de curso. Recibirá información escrita do plan de reforzo que se levará a cabo. Elaborado polo profesorado que imparte a materia, este plan ten como referentes os obxectivos da materia e a adquisición das competencias. Nel figurará o procedemento de seguimento, recuperación e avaliación da materia.

b) O alumnado terá catro ocasións para superar a materia pendente:

- aprobar toda a materia pendente se aproba a primeira avaliación.
- exame parcial: xaneiro e abril
- exame final: maio
- convocatoria ordinaria: xuño

As datas de realización das probas serán programadas pola Xefatura de Estudos e publicadas na web do centro.

c) Ao longo do curso, o alumnado poderá entregar dous (2) proxectos (xaneiro e abril), titorizados polo profesorado da materia (se a cursa no presente curso) ou pola xefatura do Departamento (se non a cursa actualmente). Os proxectos terán carácter voluntario. Serán puntuados. Propóranse proxectos que fomenten a adquisición das competencias claves e

específicas, traballarán a transversalidade e, na medida do posible, a interdisciplinabilidade. Se aproba estes proxectos xa non precisará presentarse aos exames de avaliación.

d) O alumnado será convocado mensualmente polo seu profesorado ou pola Xefatura do Departamento (se non cursa a materia no presente curso). Nesas xuntanzas o alumnado presentará o traballo que leva realizado para que o profesorado poida facer un seguimento e reorientalo se fose preciso.

e) O alumnado que se presente unicamente ás probas (parciais ou finais) optará deste xeito ao 100% da súa cualificación.

- Avaliación mediante exames parciais. A nota final será a media aritmética das dúas probas parciais. O alumnado, para superar a materia, deberá acadar o cinco (4,5) sobre dez.

Ao alumnado que acade o cinco (4,5) nalgunha das dúas probas, mais non na media aritmética, conservaráselle esa parte e non terá que examinarse dela no exame final, aínda que ten dereito a facelo se así o desexa.

- Avaliación mediante un único exame final. O alumnado, para superar a materia, deberá acadar o cinco (4,5) sobre dez.